



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Reglamento Municipal para a concesión de Títulos, Honras e Distincións do Concello de Fisterra

Sendo necesario aprobar un Regulamento Municipal para a concesión de Títulos, Honras e Distincións do Concello de Fisterra, á vista da necesidade de dotar ao Concello dun marco normativo adecuado, claro e eficaz para o recoñecemento público de méritos e servizos relevantes, consideramos conveniente iniciar a tramitación dun novo regulamento que modifique o anterior, adaptándoo ás necesidades actuais e reforzando o valor institucional das honras e distincións municipais, polo tanto,

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que en aplicación do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 se publique esta Providencia no Portal Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello para realizar o trámite de Consulta Pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, durante un período de vinte días hábiles.

SEGUNDO. Tras a realización do trámite de consulta previa, tomaranse as disposicións precisas para redactar o proxecto de Regulamento.

O Alcalde – Presidente

Luis Manuel Insua Lago

Fisterra, 15 de xullo de 2026.